	SEGUIMENTO OFICIAL DE TÍTULOS INFORMACIÓN PÚBLICA GRAO EDUCACIÓN SOCIAL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN OURENSE
---	--	--

2. XUSTIFICACIÓN

2.1. Xustificación académica e interese académico, científico e profesional do Grado


Como título Universitario herda unha longa tradición académica e profesional, ao aglutinar diversos perfís configurados na historia recente: Educación Especializada, Educación de Adultos e Terceira Idade, Animación Sociocultural e Pedagogía do Lecer e Animación Sociolaboral. Ademais, nestes últimos 20 anos, este título incorporou novos perfís profesionais demandados pola sociedade (tal e como se recolle no documento presentado á ANECA, para a publicación do Libro Branco) orientados á/o:

- Mediación para a inclusión social e laboral
- Desenvolvemento comunitario, animación sociocultural e xestión cultural.
- Educación para o lecer e o tempo libre.
- Acción socioeducativa con infancia e mocidade.
- Educación de persoas adultas e persoas maiores.
- Acción socioeducativa en contextos familiares, sociosanitarios, do sistema educativo, da administración de xustiza...
- Intervención socioeducativa en educación cidadá (ambiental, para a saúde, xénero, educación viaria, intercultural, cooperación internacional, para a cidadanía,..).

Neste senso, a profesión de Educación Social céntrase basicamente no ámbito social, o cal é dinámico, vivo, cambiante, multiforme, heteroxéneo e complexo. Por conseguinte, trátase duns estudos que responden a un ámbito profesional definido, no que se pretende o logro da socialización dos suxeitos a través da intervención educativa. En definitiva procúrase a educación integral dos cidadáns en diversos contextos e cunha perspectiva de educación permanente.

Aínda que estamos ante unha titulación universitaria moza, o colectivo de profesionais que traballan neste ámbito, presentan unha intensa traxectoria primeiro baixo outras denominacións (animación sociocultural, técnicos/as de cultura, de educación de adultos, de educación especializada, educación de rúa) e, máis tarde, como educadores/as sociais.

O novo perfil profesional de Educación Social corresponde a unha persoa experta na intervención socioeducativa preparado para o traballo coa poboación que presenta necesidades educativas de carácter inicial ou complementario, formado no estilo e métodos de participación e cunha sólida base científica que lle permita adaptarse a novos proxectos e aos novos espazos ou ámbitos de intervención. Como profesional deberá ter unha gran capacidade de adaptación e renovación para ser eficaz nun sector novo e en pleno desenvolvemento e innovación.

	SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS INFORMACIÓN PÚBLICA GRAO EDUCACIÓN SOCIAL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN OURENSE
---	---	--

O/a Educadora Social é un especialista nos ámbitos da intervención socioeducativa promovendo o cambio e o benestar social das persoas e dos grupos nos seus contextos máis próximos e vitais. Iso explicaría a importancia dun coñecemento profundo e extenso das realidades socioculturais sobre as que vai intervir. A identificación, coñecemento e desenvolvemento dos espazos de intervención é de vital importancia nas súas actuacións profesionais.


O campo profesional da intervención socioeducativa fainos ver unha serie de aspectos ou características implícitas que demandan dos Educadores/as Sociais unha serie de competencias (capacidades, actitudes, destrezas, habilidades) que se perciben como imprescindibles cando se fala de intervención, relación educativa, orientación, acompañamento ou transformación persoal e social.

Estas competencias e aptitudes (capacidade organizativa, conciencia crítica, preparación técnica, iniciativa e dinamismo, capacidade de adaptación a espazos e escenarios con novos retos, colaboración e responsabilidade, etc.) deben traballarse ao longo do currículo académico e en particular no Prácticum, dado que é aquí onde se posibilita e garántese o contacto coa realidade profesional e con variados espazos de ensaio e experimentación, ofrecendo así un abanico de oportunidades para reflexionar, capacitar e exercitar para o futuro exercicio da profesión.

Na Memoria do Grado de Educación Social podes consultar a xustificación do seu interese académico, científico e profesional, así como os referentes externos á Universidade e a descrición dos procedementos de consulta internos e externos empregados para a elaboración do plano de estudos(http://webs.uvigo.es/vicprof/images/documentos/MEMORIAS_DEF_INITIVAS/UVIGrado_en_Educacion_social.pdf).

2.2. Referentes externos á Universidade

Para a elaboración da presente proposta de Título de Grao, tivéronse en consideración diferentes referentes académicos externos, tanto nacionais (Libro Branco publicado pola ANECA en 2005) como internacionais (páxinas web de diferentes Universidades e Ministerio de Educacións de diferentes países Europeos, informes de Asociacións Profesionais e Científicas, Eurydice, informe do Proxecto Tunning, Libro Branco). Neste senso destacamos dous tipos de propostas. A primeira, centrada no Libro Branco das titulacións de Grao en Pedagogía e Educación Social, para definir perfís profesionais, obxectivos, competencias do título e coñecer os estudos sobre referentes europeos da titulación e inserción profesional. Nembargantes, a segunda proposta está centrada na investigación que fixo a propia Universidade de Vigo (recollida na fundamentación do título da memoria de Grao de Educación Social páx. 2-11) para complementar o estudo de inserción profesional que contemplaba o citado Libro Branco sobre a titulación de Educación Social. Para levar a cabo esta última proposta os responsables do título contaron coa colaboración de institucións e axentes asociados ao Campus de Ourense, titulados da propia Universidade e o

	SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS INFORMACIÓN PÚBLICA GRAO EDUCACIÓN SOCIAL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN OURENSE
---	---	--

Colexio Profesional de Educadores Sociais de Galicia. Para coñecer máis información ir á memoria do Grao:

http://webs.uvigo.es/vicprof/images/documentos/MEMORIAS_DEFINITIVAS/UVIGrao_en_Educacion_social.pdf

2.3. Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos

Descrición dos procedementos de consulta internos:

Membros do equipo decanal da Facultade participaron activamente nos distintos procesos de consulta a axentes externos, recollida de información, etc. dentro da elaboración do Libro Branco. Esa etapa coincidiu ademais co proceso de Avaliación Interna e Externa da Titulación, en en que participou unha comisión de traballo, a Xunta de Titulación, os comités de mellora e todos os colectivos implicados no proceso de avaliación.


Durante os cursos 2006-07 e 2007-08 púxose en práctica un proxecto de experimentación de ECTS na titulación e organizáronse xornadas formativas para debater os resultados. Na última destas xornadas invitouse a profesorado de Educación Social de Universidades Españolas e Portuguesas, con interesantes achegas que se recollen nun libro colectivo, xuntamente coas experiencias realizadas na Facultade.

A finais de 2007, desde o equipo decanal enviouse a documentación existente sobre os futuros títulos de Grao, para o estudo por parte dos membros da comunidade universitaria interesados, coa indicación de que no momento en que estivesen elaboradas as normativas da Comunidade Autónoma e da Universidade de Vigo comezaríamos os traballos de elaboración do título de grao. Logo de coñecidos estes documentos, e tras un proceso electoral na Facultade, convocouse unha Xunta de Facultade, na que estimular ás diferentes titulacións a comezar a elaboración das propostas de Grao, mediante comisións abertas, que serían elixidas e referendadas nas Xuntas de Titulación, unha vez que a Universidade de Vigo decidise o catálogo de Titulacións para iniciar no curso 2009-2010. Ao final de abril, confirmase a inclusión de Educación Social nese catálogo e comeza o proceso de aprobación de comisións de traballo e calendarios para presentar a proposta do título de Grao en Educación Social.

Comezaron a traballar de xeito provisional uns grupos abertos, que intercambiaron inicialmente impresións con profesoras da Universidade de Murcia, Talavera e das ESEs Paula Frasinetti de Porto e de Santarém, que gozaban de bolsas de estancia na nosa Facultade.

Remitiuse invitación ao colexio profesional para contar coa súa colaboración, e convocáronse eleccións de alumnado, P.A.S. e profesorado contratado para incorporar novos membros á Xunta de Titulación en representación destes sectores.

Algúns membros das comisións asistimos a xornadas de formación na metodoloxía de elaboración das propostas de grao, en particular sobre a utilización de programas informáticos para facer accesible na rede o

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</p> <p>INFORMACIÓN PÚBLICA</p> <p>GRAO EDUCACIÓN SOCIAL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

resultado dos traballos que se están realizando, podendo interactuar coas persoas que desexan facer suxestións.

Na reunión da Xunta de Titulación, 13 de maio de 2008, confirmase a composición da comisión de traballo e os mecanismos de comunicación co resto da Facultade e coas outras universidades que imparten en Galicia Educación Social. Comisión, coas finalidades de:

- Elaborar un proxecto de Plan de Estudos de Graduado seguindo o procedemento que este documento regula.

- Unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Titulación e elevado como Proposta de novo plan de estudos ás instancias oportunas, seguir o proceso da súa Verificación e Acreditación inicial, estudando e propondo á Xunta de Titulación calquera modificación que, ao longo de devandito proceso, puidese ser necesario incluír na Proposta.

Ademais de representantes de administracións públicas, empresas e ONGs, especialmente as que acollen alumnado de prácticas.

2 - A Comisión Delegada de Elaboración do Plan de Estudos establecerá as canles adecuadas para promover e facilitar a participación no proceso de todos os membros da Facultade. Poderá emitir documentos de traballo referidos á totalidade ou a unha parte do novo plan para a súa avaliación pola comunidade da Facultade.

3 - A Comisión Delegada de Elaboración do Plan de Estudos poderá buscar asesoramento, solicitar información ou solicitar informes que faciliten a súa tarefa, tanto dentro como fose da Facultade.


4 - As propostas ou suxestións achega do novo Plan de Estudos provenientes de calquera membro, individual ou colectivo, desta Facultade deberán ser remitidas á Comisión Delegada de Elaboración do Plan de Estudos para o seu estudo e consideración.

5 - Unha vez elaborado o Proxecto de novo plan de estudos a Comisión remitirao ao Decanato da Facultade quen convocará unha Xunta de Titulación extraordinaria para o seu estudo e, de ser o caso, aprobación. Xunto coa convocatoria de dita Xunta establecerase un prazo para a presentación de emendas por parte dos seus membros.

Descrición dos procedementos de consulta externos:

O 13 de maio de 2008 é aprobada por asentimiento a composición da comisión que, seguindo o mandato da Xunta de Titulación, dentro do seu calendario de traballo incluíu, tanto a petición propia como por parte dos implicados, entrevistas con distintos sectores e persoas da Facultade.

Desde o Vicedecano da titulación remitiase información semanalmente a todo o grupo de traballo arriba citado, pedindo achegas para mellorar o proxecto. Ademais desta interacción fluída dentro deste grupo, desde o Decanato someteuse a consulta dentro da Facultade (principios de xuño), con indicación expresa do interese por coñecer a opinión dos Departamentos, un dos primeiros borradores, recibindo diversas suxestións.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</p> <p>INFORMACIÓN PÚBLICA GRAO EDUCACIÓN SOCIAL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	--

Desde a comisión acordaron reunirse e coordinarse coas outras Universidades Galegas e co Colexio de Educadores e Educadoras de Galicia.


Ademais da información intercambiada por correo coas outras Facultades de Galicia e co Colexio Profesional, houbo dúas reunións entre finais de xuño e principios de xullo nas que participaron Vicedecanos/as das tres Facultades galegas, a presidenta do Colexio, a representante do Colexio para os plans de estudo e o presidente do Consello Xeral de Colexios. A coordinación fué moi positiva e así se transmitiu á Comisión e á Xunta de Titulación nas reunións das dúas últimas semanas de xullo. Así mesmo solicitouse un informe ao Colexio sobre o borrador de estrutura de plans de estudo, indicándolle que valorasen as competencias e as materias propostas pola orde de importancia que eles lle concedían desde a perspectiva profesional.

A través destas consultas e doutras iniciativas de distintos membros da Facultade, chegaron suxestións e propostas sobre aspectos concretos do plan de estudos: sobre o seu sentido xeral, a súa estrutura, os seus contidos,? tanto informes solicitados polas comisión, como a iniciativa de persoas concretas ou de colectivos.

Logo da reunión do día 9 de setembro creouse un acceso directo na páxina web da Facultade cos acordos alcanzados ata ese momento, así como os borradores de fichas de materias que serían analizadas nas seguintes reunións para evitar lagoas e solapamentos nas competencias e os contidos. A clave de acceso a devandita documentación facilitouse a todo o profesorado da Facultade, así como a egresados, e aos/as representantes de alumnado e PAS na titulación.

Logo de dúas sesións máis de traballo, no mes de setembro, e analizando diversas suxestións de departamentos e membros da Facultade e asesores/as externos/as, o día 29 de devandito mes, a Xunta de Titulación aprobou por unanimidade a memoria de proposta de grao de Educación Social, coa recomendación de que na asignación de materias a Departamentos téñanse en conta os recursos humanos existentes. Sobre o documento, finalmente enviado ao Vicerreitorado de Titulacións e Convergencia Europea, opinou tamén o Colexio de Educadores de Galicia e o Consello Xeral de Colexios, con informes que se atopan na páxina da Facultade.

Durante o proceso, enviáronse cartas a distintas administracións (Concellos, Vicepresidencia de Igualdade e Benestar) para que propuxesen un representante na comisión de traballo. Nalgúns casos respondeuse telefonicamente delegando no/a profesional que titora as prácticas dos alumnos. O Presidente do Consello Xeral de Colexios de Educación Social representaba a Administración responsable da política de menores (ademais estiveron en distintos actos na Facultade, a Secretaria Xeral de Igualdade, o Director Xeral de Persoas Maiores e outros membros da administración galega); A educadora do Centro Penal de Pereiro de Aguiar asistiu a algunhas reunións, (ademais de entrevistarnos co propio director don Manuel Arias); houbo ademais relación fluída con Concellos, ONGs e empresas.

	SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS INFORMACIÓN PÚBLICA GRAO EDUCACIÓN SOCIAL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN OURENSE
---	---	--

Para máis información ir a memoria do Grao en:

http://webs.uvigo.es/vicprof/images/documentos/MEMORIAS_DEFINITIVAS/UVI Grado en Educacion social.pdf

2.4. Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e dos obxectivos de calidade

Toda a información pública concernente a este procedemento pódese atopar nos documentos do Sistema de Garantía Interno da Calidade da web da Facultade de Ciencias de Educación de Ourense (epígrafe calidade/procedementos específicos) ou ben pódese acceder a través do vínculo: <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/PE01-procedimiento-para-la-definicion-y-revision-de-la-politica-de-calidad.pdf> .


2.5. Política e obxectivos de calidade

Política de calidade. O equipo decanal da Facultade de Ciencias da Educación e a Xunta de Titulación do Grao en Educación Social, comprométese a:

- Proporcionar a formación continua adecuada a todos os nosos empregados, segundo as súas respectivas actividades, e facilitar os coñecementos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade enfocada á satisfacción das necesidades dos nosos usuarios.
- Establecer unha sistemática de actuación e documental, para asegurar a calidade dos nosos procesos.
- Conseguir un compromiso permanente de mellora continua como norma de conducta, propor e levar a cabo, as accións correctivas e preventivas que puidesen ser necesarias.
- Asegurar que a Política de Calidade é entendida e aceptada por todo o persoal do Centro e que se atopa a disposición do público.
- Asegurar que o Sistema de Garantía da Calidade mantense efectivo e é controlado e revisado de forma periódica.

2.6. Obxectivos de calidade

CRITERIO	OBXECTIVO
Obxectivos do Plan de Estudos	Potenciar a difusión entre o alumnado, dos obxectivos do plan de estudos ligados a cada unha das titulacións do centro
Políticas e procedementos de admisión	Potenciar a difusión da política e criterios de admisión así como o perfil de entrada asociados a cada unha das titulacións do centro entre o alumnado

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS INFORMACIÓN PÚBLICA GRAO EDUCACIÓN SOCIAL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN OURENSE
---	---	--

CRITERIO	OBXECTIVO
Planificación e desenvolvemento do ensino	Sistematizar os procedementos de seguimento e mellora dos títulos de acordo ás directrices establecidas pola ACSUG Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino das titulacións impartidas no centro
Satisfacción dos grupos de interese	Mellorar o procedemento para a xestión de queixas
Accións para orientar ao estudante	Integrar todos os títulos do centro no PAT
Persoal académico	Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado
Recursos e servizos	Obter unha valoración media superior a 3,5/7 (ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do PDI e alumnado cos recursos de apoio ao ensino

A política de calidade e o Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación atópase no enlace <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/?q=node/100>